

Historias de espellos - I

XOSÉ MANUEL MARTÍNEZ OCA

Estaba a mañá calada e mentres a auga quente enchía a bañeira ollou o seu rostro no espello do lavabo. Aquel propio eu interrogador que o fitaba en silencio.

O vapor embazaba pouco e pouco a superficie do vidro e el seguía a se perscrutar, os ollos fitos naqueles outros ollos.

Esvaíanse no bafo os contornos do queixo, as enrugadas dos cantos da boca, os pelos das ventas do narís, e seguía a se ollar a si mesmo, a través de si mesmo, ata que na néboa do espello aduro distiguíu uns ollos interrogantes que o axexaban suspensos na nada.

E os ollos empezáronse a esvaer tamén.

E o silencio e a néboa foron unha soa cousa.

E, ó pouco, *namais* quedou un espello embazado nun cuarto de baño deserto.